



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la colaboración del Gobierno a través de Puertos del Estado y Autoridad Portuaria en el proyecto de abrir Marín al mar.**

El proyecto de futuro de Marín pasa necesariamente por adoptar las medidas requeridas para abrir el municipio al mar. Resulta inaceptable que todo el frente urbano de la localidad, desde el límite con el término municipal de Pontevedra en Cantodarea en la zona este del Puerto de Marín, hasta la finalización de los terrenos que ocupa la Escuela Naval Militar en el camino de acceso a las playas, que suman en total 2,30 kilómetros (3,04 kilómetros desde la rotonda de Praceres), sea un recinto continuo, con apenas dos accesos al mar (en el Parque Azul y en el aparcamiento frente al Paseo Alcalde Blanco).

Los vecinos de Marín tienen derecho a recuperar el acceso al paseo marítimo y recuperar el uso de estos espacios públicos para el municipio. Para alcanzar este objetivo, parte de los terrenos que actualmente son propiedad del Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, a través de Puertos del Estado y la Autoridad Portuaria de Marín, y del Ministerio de Defensa, de los que dependen la Escuela Naval Militar, su Centro Universitario de la Defensa y el Instituto de Vivienda, Infraestructuras y Equipamiento de la Defensa (INVIED), deberán revertir gratuitamente en el Ayuntamiento. Esta es una pequeña parte de las aproximadamente 105 hectáreas que ocupa el Puerto de Marín y la Escuela Naval Militar en el paseo marítimo.

Son espacios que, de ser cedidos, podrían permitir un uso generalizado por parte de la ciudadanía y suponer un gran beneficio para el municipio. Se requiere fomentar una mayor interrelación entre el municipio y el puerto, potenciando sinergias entre ambos y consiguiendo así un mejor dinamismo económico y social del municipio, así como el aumento de los espacios públicos y la calidad ambiental en el núcleo urbano de Marín.

De hecho, el eje formado por la Plaza con el Auditorio y el Paseo Marítimo es el principal espacio abierto del centro urbano de Marín, donde se ubican la Alameda, el nuevo auditorio municipal, el borde del Centro Histórico y el acceso a la Escuela Naval. Es asimismo el punto de confluencia de las principales vías de comunicación. Actualmente, la mayor parte



de este espacio está configurado como nudo viario a través de una rotonda y una serie de isletas de tráfico. No obstante, es evidente la falta de zonas verdes y, debido a la configuración del puerto y a las áreas que ocupa la Escuela Naval, tampoco es posible disfrutar de una relación directa entre la ciudad y el mar.

Por tanto, es necesario adoptar las medidas necesarias para lograr la integración de los terrenos portuarios y de parte de los terrenos de defensa en el área urbana y hacer de Marín un espacio de calidad para vivir y llevar a cabo actividades económicas. Asimismo, permitiría dar solución a los actuales déficits de dotaciones municipales.

Sería necesario, por un lado, iniciar la tramitación de un expediente para la cesión gratuita y permanente al Ayuntamiento de los espacios y bienes no afectos a la explotación portuaria para uso público, de acuerdo con el convenio suscrito con la Autoridad Portuaria en 2020 y prorrogado en 2024. La titularidad de estos terrenos pertenece a Puertos del Estado pero, a día de hoy, ya no se utilizan para la actividad portuaria. Abarcarían el muelle de Embarcaciones Menores, la parcela resultante de la demolición de la nave de Pérez Torres, el edificio destinado a cafetería-comedor en el Paseo Alcalde Blanco y el edificio de la Avenida de Ourense, que podría destinarse a un centro social en el barrio de Cantodarea. Además, la cesión también eliminaría las tasas y cánones que se venían cobrando por la explotación de superficie o actividad.

Por último, la superficie de los edificios destinados a oficinas y almacenes en la explanada del antiguo Peirao da Ribeira, así como el edificio de oficinas (Satlink), actualmente en régimen de concesión, pasarán, en su totalidad, al término del periodo de concesión, a título gratuito y de forma permanente al Ayuntamiento de Marín. Este cambio permitiría el retranqueo de la vía interior actual y del cierre perimetral.

El Ministerio de Defensa tiene que llevar a cabo un replanteamiento de los terrenos que ocupa la Escuela Naval, que hoy cuenta con un número de alumnos y trabajadores, tanto civiles como militares, muy inferior al que existía hace décadas. Por tanto, es el momento de ceder parte del espacio que ocupa y adaptar sus dimensiones a las necesidades actuales, en concreto por cuanto se refiere a las inmediaciones del acceso, donde se sitúa la pista de atletismo, y acometer, también en este lugar, el retranqueo del vallado perimetral hasta las proximidades del Edificio de Aulas donde se ubica la Torre del Reloj. Como contraprestación, en el convenio de colaboración que se firme, se podría habilitar el uso de las pistas municipales de atletismo del Estadio de San Pedro. El área cedida se convertiría así en una zona verde de conexión entre el tejido urbano y el mar, con posibilidad de



destapar la desembocadura del río Lameira.

Por las razones expuestas, el BNG formula las siguientes preguntas por escrito dirigidas al Gobierno:

1. ¿Está dispuesto el Ministerio de Transportes-Autoridad Portuaria a tramitar un expediente para la cesión gratuita y permanente por parte de la Autoridad Portuaria al Ayuntamiento de Marín de los espacios y bienes no afectos a la explotación portuaria para uso público, incluyendo el Paseo da Avenida de Ourense, el edificio de servicios y pista deportiva, el Parque de Cantodarea (Parque Azul), el paso inferior y los nuevos accesos a la zona S-O de la zona de servicio, el dique para embarcaciones menores y el Paseo Alcalde Blanco?
2. ¿Cuál es su disposición a incluir en el citado expediente otros bienes como el muelle de Embarcaciones Menores, la parcela resultante del derribo de la nave almacén de Pérez Torres situada en las inmediaciones del muelle de embarcaciones menores, el edificio destinado a cafetería situado al comienzo del Paseo Alcalde Blanco y el edificio de dos plantas de la Avenida de Ourense para destinarlo a fines sociales y crear un centro social en el barrio de Cantodarea?
3. ¿A tales efectos, eliminarán las tasas o gravámenes que se venían cobrando por la explotación de la superficie o actividad de los bienes y terrenos señalados?
4. ¿Tienen previsto incluir en el expediente de cesión gratuita y definitiva a favor del Ayuntamiento de Marín la superficie de los edificios destinados a oficinas y almacenes de la explanada del antiguo Peirao da Ribeira (Avenida de Ourense, entre el parque infantil y la biblioteca pública municipal), así como el edificio de oficinas (Satlink) al finalizar el plazo de concesión?
5. ¿En definitiva, está en las previsiones del Ministerio de Transportes-Autoridad Portuaria colaborar con el Ayuntamiento de Marín para que se devuelvan los terrenos portuarios y mejorar así la calidad de vida de sus habitantes tras muchos años de ocupación de la



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



superficie del municipio en favor de infraestructuras del Estado? ¿Van a cooperar para abrir Marín al mar?

Madrid, a 27 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

27 MAR. 2025 16:18:22

Entrada **63111**

Pregunta sobre a cesión de terreos portuarios para a apertura de Marín ao mar

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á colaboración do Goberno a través de Portos do Estado e a Autoridade Portuaria no proxecto de abrir Marín ao mar.**

O proxecto de futuro para Marín pasa, necesariamente, por adoptar as medidas precisas para abrir o concello ao mar. Resulta inaceptábel que toda a fronte urbana da vila, desde o límite co Concello de Pontevedra no Cantodarea na zona este do Porto de Marín, até a finalización dos terreos ocupados pola Escola Naval Militar na vía de acceso ás praias, que suman un total de 2,30 quilómetros (3,04 quilómetros desde a rotonda dos Praceres), sexa un fechamento continuo, con apenas dous accesos ao mar (no Parque Azul e no aparcamento anterior ao Paseo Alcalde Blanco).

A veciñanza de Marín ten dereito a recuperar o acceso á fachada marítima e recuperar para a vila o uso deses espazos públicos. Para lograr este obxectivo, parte dos terreos que son, agora mesmo, titularidade dos Ministerios de Transporte e Mobilidade sustentábel, a través de Portos do Estado e a Autoridade Portuaria de Marín, e do Ministerio de Defensa, do cal depende a Escola Naval Militar, o seu Centro Universitario da Defensa e o Instituto da Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa (INVIED), deben reverter de

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

27 MAR. 2025 16:18:22

Entrada **63111**



xeito gratuíto ao Concello. Trátase dunha pequena parte das aproximadamente 105 hectáreas ocupadas polo Porto de Marín e a Escola Naval Militar na fronte marítima.

Son espazos que, de ser cedidos, poderían permitir un uso xeneralizado pola cidadanía e implicar un grande beneficio para a vila. É preciso fomentar unha maior interrelación entre a vila e o porto, potenciar as sinerxias entre ambos e lograr así unha mellor dinamización económica e social do municipio, así como o incremento dos espazos públicos e da calidade ambiental no núcleo urbano de Marín.

De feito, o eixo que forman a Praza co Auditorio e o Paseo Marítimo é o principal espazo aberto do núcleo urbano de Marín, onde se atopan a Alameda, o novo auditorio municipal, o borde do Centro histórico e o acceso á Escola Naval. Sendo ademais o punto de confluencia das principais vías de comunicación. Actualmente, a maior parte deste espazo configúrase como un nó viario a través dunha rotonda e dunha serie de illotes de tráfico. Porén, hai unha evidente carencia de zonas verdes e, debido á configuración do porto e ás áreas ocupadas pola Escola Naval, tampouco se pode gozar dunha relación directa entre a cidade e o mar.

Por tanto, é preciso adoptar as medidas necesarias para lograr a integración dos terreos portuarios e de parte dos terreos de defensa na zona urbana e facer de Marín un espazo de calidade para vivir e para levar a cabo actividades económicas. Así mesmo, permitiría dar unha solución aos déficits de dotacións municipais existentes na actualidade.

Sería preciso, por un lado, iniciar a tramitación dun expediente para a cesión gratuíta e permanente ao Concello dos espazos e bens non afectos á explotación portuaria para o seu uso público, conforme o recollido no convenio asinado coa Autoridade Portuaria en 2020 e prorrogado en 2024. Trátase de terreos titularidade de Portos do Estado pero que, a día de hoxe, xa non teñen uso para as actividades portuarias e que abarcaría a dársena de Embarcacións Menores, a parcela resultante da demolición da nave almacén de Pérez Torres, o edificio



destinado a cafetería-cantina no Paseo Alcalde Blanco e o inmóbel da Avenida de Ourense, que podería ser destinado a centro social no barrio do Cantodarea. Ademais, coa cesión lograríase tamén a eliminación das taxas e gravames que se veñen cobrando por explotación de superficie ou actividade.

Por último, a superficie das edificacións destinadas a oficinas e almacéns da explanada do antigo Peirao da Ribeira, así como o edificio de oficinas (Satlink). actualmente en réxime de concesión deben pasar, na súa totalidade, unha vez finalice o período de concesión, tamén de forma gratuíta e permanente, ao Concello de Marín. Con este cambio, permitiríase o retranqueo da vía interior actual e do fechamento perimetral.

Por parte do Ministerio de Defensa é preciso tamén acometer unha reformulación nos terreos que ocupa a Escola Naval que, a día de hoxe, conta cun número de alumnos e traballadores, tanto civís como militares, moi inferior aos existentes hai décadas. É, por tanto, o momento de ceder parte do espazo que ocupa e dimensionalo ás necesidades actuais, concretamente o referido ás inmediacións da entrada en que se sitúa a pista de atletismo e acometer, tamén neste lugar, o retranqueo do valado perimetral até as inmediacións do Edificio de Aulas en que se sitúa a Torre do Reloxo. En compensación, no convenio de colaboración que se asine, podería habilitarse o uso das pistas de atletismo municipais do Estadio de San Pedro. A superficie cedida converteríase así nunha zona verde de unión entre a trama urbana e o mar, con posibilidade de destapar a desembocadura do río Lameira.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Que disposición ten o Ministerio de Transportes-Autoridade Portuaria a tramitar un expediente para a cesión gratuíta e permanente por parte da Autoridade Portuaria ao concello de Marín dos espazos e bens non afectos



- á explotación portuaria para o seu uso público, incluíndo o Paseo da Avenida de Ourense, o edificio de servizos e pista deportiva, o Parque de Cantodarea (Parque Azul) e paso inferior, os novos accesos á zona S-O da zona de servizo, o dique de embarcacións menores e Paseo Alcalde Blanco?
2. Cal é a súa disposición a incluír no expediente mencionado outros bens como a dársena de Embarcacións Menores, a parcela resultante da demolición da nave almacén de Pérez Torres sita nas inmediacións da dársena de embarcacións menores, o edificio destinado a cafetería ubicado no inicio do Paseo Alcalde Blanco e o inmóbel de dúas plantas da Avenida de Ourense para destinalos a usos sociais e facer un centro social no barrio do Cantodarea?
 3. A tal efecto, vai suprimir calquera taxa ou grávame que se viña cobrando pola explotación de superficie ou actividade dos bens e terreos indicados?
 4. Prevé incluír no expediente de cesión gratuíta e permanente a favor do Concello de Marín a superficie das edificacións destinadas a oficinas e almacéns na explanada do antigo Peirao da Ribeira (Avenida de Ourense, entre o parque infantil e a biblioteca pública municipal), así como o edificio de oficinas (Satlink) ao finalizar o período de concesión?
 5. En definitiva, entra nas previsións do Ministerio de Transportes-Autoridade Portuaria colaborar co Concello de Marín, para que se devolvan os terreos portuarios e mellorar así a calidade de vida dos seus habitantes despois de moitos anos de ocupación de superficie do



municipio en favor de infraestruturas do Estado? Vai cooperar para abrir
Marín ao mar?

Madrid, a 27 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso